

151.D00

Amosa Tato, Cristina 151.D01
Gómez Calvo, Noelia 151.D02
Gómez de la Campa, Xiana 151.D03
Gómez Vales, Laura 151.04
Luengo Martínez, Diego 151.05

1.- Post e comentarios:

1.1.- Escoller e colar 3 post do GT que definan a traxectoria do traballo do comezo ao final (formando un itinerario comprensible do tema tratado; non esquecer localizador e data). Para ser válidos deben ter comentarios que aporten da/os compañeiras/os da aula e respostas dos compoñentes dos GT.

CO ATLÁNTICO DE POR MEDIO:

<https://comunepersoal.wordpress.com/2015/02/16/co-atlantico-de-por-medio/> (post individual) AMOSA TATO, CRISTINA 151.D01

O PODER DA INFORMACIÓN:

<https://comunepersoal.wordpress.com/2015/04/08/o-poder-da-informacion/> (post individual) GÓMEZ DE LA CAMPA, XIANA 151.D03

AVES DE PASO: PARA CANDO O RETORNO?

<https://comunepersoal.wordpress.com/?s=aves+de+paso> (post grupal) 151.D00

EXPLICACIÓN DA ESCOLLA

Comezamos cunha primeira aportación onde reflexamos os obxectivos temáticos e as pautas de traballo que tiñamos pensado seguir. Analizando o escrito, rompemos a estratexia inicial pois, en lugar de abarcar temas máis

culturais, evolucionamos cara cuestións máis sociais e ideolóxicas. Véxanse por exemplo posts como os das escolas da emigración onde sacamos á luz as asociacións de emigrantes xunto coa súa labor por Galicia. Do mesmo xeito publicamos posts (con bastante éxito entre os compañeiros) sobre a emigración actual que nun comezo obviaamos tratar. Unha emigración actual que, vista polos emigrados de hoxe cuxa realidade contrasta ferozmente coa de entón, continúa mantendo a “esencia” do emigrante (a través dos plans de futuro, a mellora das condicións económicas e vitais, a aprendizaxe persoal, a adaptación...).

Ao rasgar as publicacións antigas trouxemos de volta *Céltiga*, revista que para nós se convertiu en exemplo emblemático da difusión cultural e literaria de entón e que tivo unha gran difusión na Arxentina.

Cando chegamos ao obxectivo orixinal que era tratar os estereotipos do emigrante galego fixémoslo dende a perspectiva das artes como o teatro, o cine e a música e non tanto por medio daquela prensa feita polos intelectuais da época. Iso si, tal como plantexáramos, cumprimos cunha especie de homenaxe dalgunhas das figuras máis representativas do período da emigración latinoamericana (o esquecido Luis Seona, por exemplo). Cabe destacar que, ao ampliar o abano de posibilidades que nos abreu o tema, falamos cos emigrantes de hoxe mantidos no anonimato, que nada teñen que ver coas personalidades intelectuais daquela época, pero que están próximos á nosa realidade, como unha oportunidade de empatizar cos compañeiros.

Se o foco do tema pretendía unha análise dos estereotipos de *galego emigrante*, a evolución do traballo derivou en dar visibilidade á cobertura que algúns medios (referentes no país) fan da inmigración. Así o noso intento pasou por facer unha comparativa entre as dúas migracións: a criminalización que fan os medios agora dos subsaharianos en contraste ca opinión victimista, melancólica e heroica que hoxe gardamos dos nosos antecedentes emigrantes. Semella que nos esquecemos ou viramos de parecer dependendo do lado no que esteamos. Como comunicadores comezamos a ser conscientes dalgúns tipos de manipulación que non son

tan evidentes para a xente de a pé. Nos enlaces que deixa Xiana no post *O poder da información*, podemos ver como o vocabulario “asaltar a valla” incita ao conflito e crea unha visión pexorativa e reducionista para cos inmigrantes.

O extraño é que a pesar de sermos terra emigrante (inclusive outras comunidades españolas) deixamos á marxe a condición de país receptor e máis aínda de país de “inclusión”.

Para rematar, volvemos aos inicios: que é emigrar? A pretensión é recompilar o que aprendemos sobre este fenómeno e ofrecer aos compañeiros unha realidade que non se corresponde ca simple definición do dicionario da RAE. No último post, ademais de facer un pequeno repaso do que fomos facendo, definimos a chegada do noso barco a porto que non foi outra que o contraste entre a emigración pasada e a actual. O certo é que varían algunhas condicións. Aínda que se intente tratar á emigración de hoxe en día como apertura, como válvula de aproveitamento persoal, o obxectivo maioritario continúa a ser económico e tristemente mantéñense certos estereotipos. O bo do asunto é percibir como se enriquecen as relacións interculturais (aprendizaxe das linguas), a maximización de posibilidades laborais e académicas e, como en todo, a influencia das novas tecnoloxías que favorecen a comunicación facendo que a distancia pareza máis curta.

1.2.- Do mesmo xeito describir a estratexia (liña de publicación) perseguida nos comentarios realizados a outros GT (individuais, grupais, LR's) e analizar brevemente os comentarios recibidos desde os outros GT (individuais, grupais, LR's). Explicar os motivos da escolla realizada destes comentarios remitidos e recibidos.

1.2.1.-Comentarios recibidos

Comentario 1:

Opino que habéis recogido, de forma muy interesante, distintos puntos de vista sobre la emigración. Como estudiantes, en un mundo globalizado y unido, nos venden la movilidad como algo maravilloso. Algo que se debe experimentar, por lo menos, una vez en la vida. A pesar de lo mucho que avanzamos, de la distancia tecnológica entre la Galicia de la que emigraron nuestros abuelos y la nuestra, existe un nexo común y es la “obligación”, como ya apuntaron mis compañeros, de tener que marchar. Marchar para buscar un futuro, una vida mejor y ganarte el pan. Antes. fuga de capital; hoy, fuga de cerebros. En este reportaje del célebre programa Salvados, abordan este tema, en Alemania. Destacaría el trato de los nativos a nuestros compatriotas, porque ahí también podrían encontrar otra característica en común con las dos épocas de emigración.

http://www.lasexta.com/programas/salvados/noticias/orgullo-uno-tiene-que-tragar-cuando-llega-otro-pais_2013022400153.html

Ligazón post: <https://comunepersoal.wordpress.com/2015/03/18/movilidad-exterior-ou-fuga-de-masiva/> por Arias Méndez, Ana no 20 marzo de 2015.

XUSTIFICACIÓN

Ana consegue resumir neste comentario, unha das conclusións ás que chegamos ao realizar o noso traballo. Pese a que os tempos cambiaron e a sociedade é moi diferente a emigración ven causada principalmente pola mesma razón: a precaria situación económica na que estamos inmersos e que provoca a “fuga de cerebros” cun goberno que en lugar de paliar (e

valorar) fai referencia a conceptos como “movilidade exterior”. Amais, o enlace do programa Salvados permite dar conta da realidade da emigración nun contexto onde pretende ser vista como fenómeno positivado, de apertura laboral e persoal.

Comentario 2:

Moi interesante este post acerca das escolas promovidas polos nosos antepasados emigrantes. Unha cuestión que me queda bastante preto, xa que no concello de Vilalba existen ata 13 escolas creadas por emigrantes. Non sei actividade que se realiza en todas, pero teño coñecemento que nalgunhas aínda continua, en certa medida, co obxectivo para o que foron creadas. Aínda que non se imparta xa escola nelas, existen diversas asociacións que desenvolven as súas actividades alí. Polo que continúan o servizo dos veciños. Unha das máis destacadas é a escola da Liga de Santaballa. Dende logo a labor que continúan realizando é de admirar convertendo esta parroquia nunha das máis prósperas e activas da comarca.

Aquí vos deixo dous vídeos acerca da escola da Liga Santaballesa. O primeiro versa sobre a súa historia; o segundo é un pequeno documental sobre o Legado Migratorio Santaballés.

Ligazón post: <https://comunepersoal.wordpress.com/2015/03/04/na-galicia-do-declinar-do-seculo-xix-e-do-alborexar-do-seculo-xx/> por García Calaza, Iván no 15 de marzo de 2015.

XUSTIFICACIÓN

A aportación que nos achega Iván circunda a súa realidade próxima e por ende, próxima ao noso contorno: as escolas da Emigración son proxectos feitos e extendidos polo territorio galego, naqueles lugares de orixe dos emigrados.

Segundo Iván, no seu pobo de Vilalba, algunhas seguen estando en activo, feito que non fixo senón incrementar a nosa atención arredor destes proxectos, por seren retratos da memoria emigrante de Galicia e por teren hoxe continuidade na súa labor. Deste xeito, vimos unha similitude con respecto ás Sociedades que se manteñen vivas en Latinoamérica e cuxos inicios se remontan a aquelas oleadas, pegadas da mobilidade galega.

Comentario 3:

A alienación que sufriron os emigrados galegos ao vérense despoixados da súa identidade e mais vendo que a súa lingua lonxe de ser interpretada como un rasgo cultural era interpretada como síntoma de ignorancia ben a mostran esas testemuñas que recollchedes. Quizais foi esa situación a que fixo que algúns galegos esqueceran o que era seu por dereito natural e decidiron adicar os seus esforzos emprendedores lonxe de Galicia. Cando lino que puxeches sobre o colectivo de emigrantes que optou pola vía contraria lembreime dos emprendedores que non esqueceron, como Isaac Díaz Pardo e Luis Seoane, que non só levantaron un símbolo industrial galego, senón que tamén devolveron a Galicia unha parte desa cultura perdida no exilio. Déixoches un documental sobre isto:

<http://www.rtve.es/alacarta/videos/cronicas/cronicas-luces-sargadelos/2995898/>

Ligazón post: <https://comunepersoal.wordpress.com/2015/02/20/galegofobia/>
por Vaz Álvarez, Martín no 20 de febreiro de 2015.

XUSTIFICACIÓN

Escollemos este comentario de Martín, principalmente, pola súa aportación a través do documental e ao ter mencionado a Díaz Pardo, un intelectual da época que non tiñamos entre as nosas pesquisas como ben lle aclara a miña compañeira Noelia na súa resposta. Se ben, no noso traballo profundizamos na figura de Luis Seoane que para nós estaba pouco resaltada en contraste coa súa labor. Logo de que compañeiros como Martín o valorasen fixémoslo con máis vontade. Nas nosas pescudas seguimos coa búsqueda da que o noso compañeiro nos fala, o despoixamento de identidade que sentían os emigrados e fixémoslo a través de testemuñas reais e obras nas que quedaba clara a situación que vivían os galegos.

Comentario 4:

La emigración es una lacra que acompaña a la población española en general y a la gallega en particular desde hace muchos -demasiados- años, teniendo -por desgracia- su máximo representante en esta última. Quizás categorizar de esta manera sobre la emigración no sea del todo correcto, pues hay quienes dejan el país por iniciativa propia, con ansias de recorrer mundo o comenzar en otra parte.

Sin embargo, esta vinculación de la emigración con algo peyorativo es casi involuntaria, pues mis cuatro abuelos subieron al barco rumbo a América y solo uno sabía escribir su nombre en un papel; y firmar documentos con una equis no es gusto para nadie. Esperaban hallar allí la prosperidad que su propia tierra les negaba, y algo parecido nos pasa hoy a nosotros. En un país que te forma -supuestamente- de la mejor forma que le es posible, no somos capaces de encontrar una actividad que nos permita subsistir. Y toca hacer las maletas.

Como pequeña ampliación, quizás más generalizada, te dejo el link a la página de la RTVE que presenta el documental “En tierra extraña” sobre la emigración y un post degalego.org sobre la supervivencia del gallego en el mundo:

<http://www.rtve.es/alcanta/videos/cultura-en-rtvees/tierra-extrana-reflejo-emigracion-espanola-documental-iciar-bollain/2743311/>

<http://galego.org/espagnol/hoy/mundo.html>

Ligazón post: <https://comunepersoal.wordpress.com/2015/04/10/a-emigracion-galega-onte-e-hoxe/> por Sánchez Álvarez, Paula no 12 de abril de 2015

XUSTIFICACIÓN

Este comentario de Paula achéganos unha historia persoal da emigración. No noso traballo intentamos achegarnos a experiencias reais (próximas) por ser este un país cheo de testigos e protagonistas deste fenómeno. Porén, o matiz que fai Paula da “emigración voluntaria” non coincide coa nosa perspectiva do traballo e coa definición que conclúe, se é “voluntaria” entón non debera chamarse emigración. Como sempre, recalcamos o feito de que marchar cun contrato (que non engloba a unha maioría), cunhas referencias previas, cun maior coñecemento do idioma, cun mellor expediente laboral (ou non) non significa marchar por querencia ou ventura.

1.2.2.-Comentarios emitidos

Comentario 1 emitido por Gómez Vales, Laura 151,D04

Ligazón post: <https://comunepersoal.wordpress.com/2015/03/13/el-segundo-golpe-a-las-elecciones/> por Valverde Cabaleiro, David 152.B05 do 13 de Marzo.

A dialéctica xira en torno ao xornal que beba máis da política de Santiago: La Voz ou El Correo?

O tratamento difire no momento en que se define esa cuestión, sen prescindir do feito que ambos medios se postulen do lado dos gobernantes cando máis lles interesa ou de facer caso omiso á realidade dalgúns feitos que falan por si sós.

As eleccións sempre deron de si, e máis se se trata dunha cidade como Santiago, turísticamente tan atractiva e tan nefasta na xestión política (véxanse o cambio de alcaldía en tan só 4 anos) En fin, el Correo Gallego xa nos ten acostumados a este tratamento informativo. O feito, como dis, que nun dos xornais a mesma información se detalle en máis a fondo e noutro roce a superficialidade. E o peor é que esa é a maneira de proceder dos medios, que por outra parte, se poden considerar de referencia. Vaia paradoxa...

El Correo Gallego ten as súas orixes en Ferrol e, sen facer prexuízos do lugar, a súa liña editorial xa vén marcada nos preliminares. Despois cando se fusiona e se traslada a Santiago, El Correo Gallego non deixa de ser aclamado entre os titubeantes da política local. Non é de extrañar, se retrocedemos un pouco nas súas orixes, que o tratamento desta noticia se faga doutra forma. Con todo, La Voz non é un medio distinguible pola súa imparcialidade. Semella que a progresiva perda de credibilidade é unha constante no oficio e, non pode ser menos con exemplos como este.

De analizar dende un plano máis amplo o tratamento que fixeron da noticia outros xornais quizais cunha liña ideolóxica máis dispar, vemos un contraste similar:

<http://www.periodistadigital.com/galicia/la-coruna/2014/06/10/el-corrupto->

[angel-curras-dimite-como-alcalde-de-santiago-presionado-con-nunez-feijoo.shtml](#)

<http://ecodiario.economista.es/politica/noticias/5847422/06/14/Dimite-el-alcalde-de-Santiago-de-Compostela-Angel-Curras-imputado-por-corrupcion.html>

<http://www.farodevigo.es/galicia/2014/11/10/angel-curras-dimite-edil-santiago/1129027.html> (este caso concreto garda certa similitude ao tratamento que fixo La Voz)

CAUSA DA ESCOLLA

Un observatorio de medios é o tema no que profundizaron Valverde e o resto do grupo. A escolla do comentario débese a que atopamos nel un certo nexo co noso tema. Eles tiveron que analizar o tratamento distante que uns medios fan dunha información con respecto ao que fan outros. Entender o por que e ver o grosso destes detalles ademais de esencial na nosa profesión, é unha realidade que debe ser compartida. Cando no noso traballo decidimos facer unha esquivia comparativa da cobertura das migracións, atopamos a dificultade engadida de que co paso do tempo non só varía o contexto senón tamén a forma de tratalo. E, como, a teoría do xornalismo no seu momento era o espello que reflexaba á sociedade (agora non o temos tan claro) o tratamento que nas últimas décadas reciben os inmigrantes nos medios (no caso de Valverde, a cobertura das campañas electorais) está en constante conflito cos intereses das empresas mediáticas, as produtoras dunha información que á vista é pouco pulcra.

Comentario 2 emitido por Gómez Vales, Laura 151.D04

Ligazón post: <https://comunepersoal.wordpress.com/2015/04/07/cando-a-informacion-ten-un-prezo/> por Brandariz Portela, Tania. 151.B01 do 7 de abril

O eterno debate :que ten cabida ou non nun medio? O feito de comercializar con información, con opinión, con contido crea intrínsecamente problemas. Un articulista vencellado economicamente a un medio debe rexerse medianamente ás súas directrices e absterse de facer valoracións que disintan da liña editorial do mesmo. Un freelance que se encargue de vender o seu “produto” debe seguir unha estratexia seductora para vendelo ao mellor postor. E isto é así: unha compra- venda dun “produto” que hai tempo se afasta do vello concepto de información. O suceso que apuntas non é un feito illado (sería oportuno facer unha análise sociolóxica de canto pasa isto cada día e en cantos medios). Pero por outra parte coido que debemos entender que un medio é unha empresa e o difícil neste caso é manter intocable a ética do bo “quefacer xornalístico”. O de ser un atentado contra a ética do xornalismo non sei ata que punto pode tratarse de tal, o que si é que non é fácil lidiar con intereses propios (no caso que describes a divulgación científica) que se distancien dos executivos (neste caso referidos á “cabida” del Correo). A deslexitimidade que consegue con este acto o xornal forma parte do pan de cada día de moitos medios. Que facer? Como xornalistas intentar non venderse e como divulgadores probar outras vías para difundir os seus contidos e poñer en tela de xuízo a actuación do medio (criticar este feito a través das redes sociais, por exemplo) Se a crítica ten efecto na xente, quen sairá perdendo?

En suma, todo pasa por intentar mudar e denunciar situacións que se consideren inxustas. E no caso do xornalismo (e dos xornalistas) pasa por unha boa dose de transparencia e de compromiso:

<https://www.youtube.com/watch?v=dALWLYarSxU>

CAUSA DA ESCOLLA

HistAmérica foi o tema arredor do cal levan traballando Tania xunto ao seus almirantes de grupo. A escolla deste comentario débese, unha vez máis, á posible vinculación co noso tema. Arredor de dúas premisas: é posible que a emigración actual teña cabida nos medios convencionais? É posible que se faga un tratamento diferente aos inmigrantes nestes medios? A denuncia que fai a compañeira, de se a ciencia e a súa divulgación pode atopar espazo nos medios é un debate confuso. Pero tamén o é que saian nos medios as informacións íntinsecamente relacionadas co pan de todos os días da xente (a “fuga de cerebros”, a terceira emigración, as “oleadas” de inmigrantes...) Pois non todos os temas científicos interesan e non todos son “comestibles” para calquera lector do xornal. Quizais aquí estea unha nova perspectiva xornalística. En contraste, no caso das cuestións migratorias, moitas carecen de interese para os organismos que financian os medios e baixo cuxa orde se posicionan. Facer a axenda mediática non é tarefa doada e menos aínda cando os temas veñen impostos e non responden á realidade dos cidadáns.

Comentario 3 emitido: Gómez Calvo, Noelia 151.D02

Ligazón post: <https://comunepersoal.wordpress.com/2015/03/27/exprime-tus-ideas/> por Pérez Rodríguez, Cristina152.G05 do Venres 27 de marzo

Moi interesante que vos puxerades en contacto con Carme Vidal, mais eu teño unha dúbida. Falamos do futuro do xornalismo en xeral ou do xornalismo en galego? Digo porque xa que acudíchedes a un medio que ” traballamos para que exista un espazo galego de comunicación galego e en galego”, tal como afirma o seu director, Xosé Mexuto creo que sería interesante que o enfocaredes por esa travesía.

Cando falades das subvencións, por exemplo, habería que diferenciar as subvencións dun medio en galego e un medio en castelán...

Eu tiven a sorte de poder entrevistar a Mexuto, e gustaríame compartir algunhas das súas palabras convosco:

“Os meios de comunicación que usamos normalmente o galego, como

Sermos Galiza, si recibemos subsidios da administración por empregarmos o galego. Moi exiguos, realmente, se levarmos en conta que o galego está a perder falantes a ollos vistos. O problema está en que a Administración subvenciona tamén medios que empregan o galego só de xeito moi residual e que logo teñen unha liña editorial claramente contraria á normalización do galego. Meios que, por exemplo, deron respaldo á agresiva e falaz campaña que o PP e grupos como Galicia Bilingüe organizaron contra as tímidas medidas normalizadoras da nosa lingua adoptadas polo goberno bipartito que formaron PSdeG e BNG entre 2005 e 2009"

"Por dicérmolo en termos económicos, o problema non o teriamos polo lado da demanda -si que hai milleiros de galegas e galegos que desexarían ler prensa diaria en galega-, senón polo lado da oferta -os grupos empresariais que terían capacidade para pór no mercado xornais diarios en galego infelizmente abstéñense de o facer.

Por que a oferta non responde a demanda? E a resposta remite á ideoloxía. Eses grupos económicos están na órbita da dereita española e non teñen a menor intención de promover a aparición e consolidación dun espazo de comunicación galego e en galego."

CAUSA DA ESCOLLA

Dende a nosa perspectiva, o tratamento que lle deron á entrevista de Carme Vidal non foi o correcto. A búsqueda de identidade emprendida polos intelectuais galegos daquela emigración latinoamericana, non tivo continuidade histórica. Na Galicia de hoxe non contamos con prensa escrita (diaria e impresa) en galego. Sermos Galiza é un dos xornais que loitan por un xornalismo feito na súa lingua. Así, retomando a nosa investigación e situándonos na actualidade, cremos que non foi boa idea facer un post sobre este xornal en castelán, e o máis importante, sen referirse ao xornalismo en galego.

Comentario 4 emitido: Gómez Calvo, Noelia 151.D02

Ligazón Post: <https://comunepersoal.wordpress.com/2015/03/27/filosofia-e-feminismo/> por Fumega González, Roberto 151.A05

Interesante esta aportación filosófica sobre o feminismo, Roberto. A linguaxe e a comunicación son elementos fundamentais que califican e definen ao ser humano. Polo que, non comparto a afirmación de Laura de que non hai machismo na linguaxe... Agora mesmo estou lendo un artigo bastante extenso de como evitar precisamente iso, o machismo á hora de escribir e comunicar, e reparei eu pequenos detalles que nunca se me pasaran pola cabeza.

Unha compañeira de traballo de meu tío, só usa o xénero feminino cando se dirixe a un colectivo. Ela é mestra, e chamáronlle a atención de porque facía iso... ás persoas que se dirixen a esas nenas en masculino porque non lle chaman a atención? Unha boa reflexión, quizais...

Logo mencionas a Simone de Beauvoir, se non liches o seu libro "O segundo sexo", recoméndovolo, aínda que é algo extenso e moi interesante. O que máis me chamou atención foi o principio, di que dende a infancia as mulleres queremos ser homes porque xa somos conscientes de que na sociedade ocupan un lugar diferente,...e falaba da envexa da nena ao pene masculino, " ela tamén quería disparar". Eu persoalmente, sentíame identificada cando lin iso...

Por outra banda, estou con Laura en que debemos distinguir o hembrismo do feminismo, xa que hai moita xente que segue a confundir ámbolos termos.

CAUSA DA ESCOLLA

Rematada a nosa andaina pola emigración galega, podemos dicir que falamos dunha emigración masculina. Non era unha boa etapa para emigrar sendo muller. As mucamas e criadas eran as que se arriscaban, e o futuro que lles deparaba non era nada bo. Inclusive as mulleres que quedaban na terra ao coidado dos fillos e da casa, esquecidas e ás veces soas porque os

maridos formaran unha nova familia nos lugares de destino. É esa a razón da elección do comentario.

O grupo de Roberto traballou a figura da muller, e nós desde o noso grupo pretendíamos comparar esa discriminación que existe hoxe en día coa que había na emigración dos anos 20. En suma, a discriminación permanece cara a muller quizais dunha maneira máis sutil, aínda que os parámetros mudaran paralelamente ao contexto social.

2- Cren que acadaron ao través do intercambio de LR's, 1) aclarar conceptos ou temas tratados na materia e 2) orixinar finalmente, e nalgún caso, unha “comunidade interpretativa” con seguemento posterior nos post do blogue e nas relacións acordadas entre grupos?.

Se ben a liña para aclarar conceptos e temas presentados na clase tiñan de xeito complementario os filmes visualizados e as lecturas recomendadas, debemos aclarar que as cuestións que se plantexan nelas deixan unha pincelada no noso tema nalgúns casos, mentras parecen non gardar relación noutros.

Como avance, podemos dicir que nos filmes, Radio Favela (sobre os medios comunitarios) ou The Visitor hai un lazo común entre ambas marcadas pola presenza do racismo e da exclusión ou marxinação de determinados grupos poblacionais por pertenceren a países cuxa cultura dista moito dos países onde se asentan. É neste punto onde atopamos unha vinculación estreita coa experiencia vital de tantos emigrados galegos. En The Visitor, como no texto de Salvador Moreno o nexo temático que logramos establecer entre ambos é o concepto de multicultural, algo que nos empapa ata o punto de que cada un de nós ten unha percepción distinta do mundo e das accións; o que é bo nunha cultura noutra é considerado inmoral. Porén, a mesma apertura fai uniformar á humanidade.

A “globalización occidental”, termo que introduciu Boaventura Santos en Epistemologías del Sur , significa facilitar as mobilidades exteriores pero supuxo trabas ao acceso dos inmigrantes en Occidente. En Local Hero

vemos este contraste entre un país desenvolvido e outro que non o está a través da comunicación. Este mesmo contraste fixémoslo nós ao comparar a emigración pasada ca actual dende o noso punto de vista. Os nosos antepasados emigrantes quedan incomunicados, á diferenza dos que emigran dende o noso país con todas as novas tecnoloxías á nosa disposición. Mais se miramos fóra de occidente, os inmigrantes de agora quedan tamén incomunicados na súa maioría

Doutra banda, hai filmes como Nebraska que recordan o sentimento do emigrante de atoparse “perdido” no mundo. Porén, logo de tratar este tema, podemos dicir que o emigrante galego atopou a súa identidade en Latinoamérica, tamén porque dentro non lle deixaban (especialmente no caso dos exiliados).

Xa para rematar, en *Stories we tell* vemos varios paralelismos entre a película e a evolución do noso traballo: O documental é o froito do recordo dos protagonistas dunha historia. Nós, ao traballar con testigos e personaxes da emigración, contamos do mesmo xeito. Hai outro paralelismo entre a película e o noso traballo que é a estrutura circular da historia. Non era premeditado. Comezamos a andaina definindo emigración e rematamos cunha nova definición.